

XIII FEIRA TRADICIONAL DOS REMEDIOS - 7 SETEMBRO 2019

Condições para as e os artesáns participantes

1.- Data de Celebración: sábado 7 de setembro de 2019.

2.- Lugar: Parque Feira Vella, Praza Bugallal e contorna.

3.- Horario da Feira: Entre ás 10:00 h a 20:00 h. Todos os expositores/as permanecerán no seu posto durante ese horario.

4.- Exposición:

- ❖ O acceso ao recinto con vehículos para poder descargar e montar os postos será polas rúas Constitución, Morales Hidalgo e Vidales Tomé.
- ❖ Os vehículos deberán ser retirados tan pronto como se descargue o material necesario. Cada expositor/a con mostra de artesanía traerá todo o que necesite para a montaxe do posto.
- ❖ Os postos de artesanía e alimentación terán unha mesa de 2m por 90cm facilitada polo Concello de Ponteareas. Todo aquel que precise unha medida superior deberá consultalo coa organización. As teas que se coloquen enriba da mesa deberá aportalas cada expositor e serán cor crema ou de saco.
- ❖ O Concello proporcionará unha tea para colocar por diante de cada posto.

5.- Horarios de montaxe e desmontaxe:

- ❖ Horario de montaxe: O día 7 de setembro descargarase o material de exposición ás 8h, debendo estar todo montado con tempo suficiente para a apertura da Feira ás 10h.
- ❖ Desmontaxe: Sábado día 7 de setembro ás 20:30 horas
- ❖ Tanto a montaxe como a desmontaxe dos postos correrá a conta das e dos participantes.
- ❖ Os postos que precisen de conexión eléctrica e/ou toma de auga deberán indicalo no apartado correspondente do formulario que se anexa.
- ❖ É requisito imprescindible deixar a zona ocupada totalmente libre de calquera residuo, unha vez rematado o mercado.

6.- Condicións para participar na feira:

ALIMENTACIÓN: Os expositores/as deberán dispoñer da documentación necesaria para o desenvolvemento da súa actividade. A organización poderá solicitala en calquera momento: licenzas de venda, rexistro sanitario, carné de manipulador de alimentos, contratos laborais...

ARTESANÍA: Os expositores/as deberán ter carta de artesanía e todos os produtos postos á venda deben estar feitos polos propios artesáns. No caso contrario poden ser retirados da exposición.

7.- Procedemento de solicitude:

As persoas interesadas en participar na Feira deberán cubrir debidamente o formulario que se acompaña.

[FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN \(Clicar aquí\)](#)

A data límite para inscribirse será o **martes 16 de agosto**. A organización da feira valorará tódalas solicitudes recibidas, comunicando o **día 21 de agosto** a participación ou non a cada expositor na XIII Feira dos Remedios, dándolle preferencia a expositores/as inscritos/as no rexistro de Artesáns de Galicia e a produtores/as locais que cumpran os requisitos de dispoñer da documentación necesaria para o desenvolvemento da súa actividade, así como a aqueles/as que fagan demostración do seu oficio

8.- Obrigas dos expositores:

1. Cada participante virá ataviado con vestimenta de principios do século XX. A decoración do posto é de exclusiva responsabilidade do expositor/a e sempre deberá manter unha estética acorde coa temática dunha feira de principios do século XX.
2. O posto permanecerá aberto e debidamente atendido durante o horario establecido. Cada artesán/á será responsable dos produtos expostos durante a celebración do mercado.
3. Queda expresamente prohibida a instalación, tanto dentro como fóra dos postos, de carteis e pancartas que se refiran a temas distintos á publicidade ou explicación dos produtos ofertados.
4. Non se poderán pechar os postos adxudicados, nin ceder a terceiras partes.
5. Débese garantir a ocupación permanente do posto cunha oferta variada e un número suficiente de produtos, representativos e acreditados na instancia da solicitude.
6. Coidar e colaborar no mantemento e boa conservación do ámbito onde se celebra o mercado.

7. Cada expositor/a deberá doar un produto do seu posto para os sorteos que se celebrarán ao remate da Feira.

A inscrición realizarase a través do formulario, sinalado na base número 7. As persoas interesadas poderán contactar coa organización no seguinte enderezo electrónico:

feiratradicionaldosremedios@gmail.com

ou chamando aos números de teléfono 600 685 573 / 673 080 865